

GRUPO DE TRABAJO DE TROCO DE RÉXIME XURÍDICO

Proceso de troco de réxime xurídico do persoal laboral do Anexo II

Na reunión de hoxe solicitamos celeridade á Administración para as convocatorias, pero de momento só queda definido o proceso para o Grupo 4G. Desde a parte social demandamos a convocatoria conxunta dos grupos 4 e 3, pero como novidade a Administración nos di que para o grupo 3 teñen que contactar con varios Departamentos Ministeriais debido á que, non todo o persoal accedería á Escala de Organismos Autónomos, en concreto plantexan especialidades diferentes para o persoal do:

- Ministerio de Transición Ecolóxica.
- Ministerio de Cultura.
- INE.

Desde a CIG, xa fai tempo que fixemos esta proposta, entendemos que o persoal ten que adquirir a especialidade correspondente ó traballo que realmente vai desempeñar, en igualdade de condicións que o do resto de persoal dos seus organismos. Nestes casos serían os propios Ministerios os que farían as convocatorias. Pola nosa parte volvemos a solicitar rapidez nos contactos para que se poidan materializar o antes posible.

Proceso do Grupo 4G

Todas as organizacións sindicais propuxemos unha simplificación do temario, incidindo na necesidade de incluír temas relacionados coa normativa de relacións laborais deste persoal, finalmente os catro temas serán:

1. As leis de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e do Réxime Xurídico do Sector Público.
2. O persoal funcionario ó servizo das Administracións Públicas : concepto e clases. Réxime Xurídico. Dereitos e deberes.
3. Adquisición e perda da condición de Funcionario. Situacións administrativas e provisión de postos.
4. Administración electrónica e servizos ó cidadán. Oficinas de atención ó público. Xanela única. Puntos de acceso xeral á AXE.

A administración expresa a súa vontade de realizar a primeira convocatoria para este grupo no derradeiro trimestre deste ano, que sería a través do INAP, que sería tamén o encargado de realizar a formación.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web www.estado.cigadmon.gal e podeades contactar connosco no correo ó pe desta nota.